

Resolución 5/2026 do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado pola Orde do 24 de outubro de 2025, pola que se publican os criterios de avaliación e corrección da segunda proba deste proceso selectivo (caso práctico) (PR461C).

REUNIDO, este tribunal cualificador do proceso selectivo unitario de acceso por promoción interna nos corpos da Policía Local de Galicia, escala básica, categoría de oficial, convocado mediante orde de 24 de outubro de 2025, adoptou os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Facer públicos os criterios de avaliación e corrección do caso práctico que se desenvolverá o día 10 de abril de 2026, na sede da Agasp.

A cualificación máxima é de 10 puntos, distribuídos nos seguintes criterios:

1. Xestión operativa e mando (3 puntos):

Valorarase a competencia profesional do aspirante como mando intermedio e a súa capacidade para organizar e dirixir unha intervención policial de forma eficaz:

	Puntos
1.1. Distribución e xestión de recursos humanos e materiais	1,00
1.2. Toma de decisións, liderado e coordinación con outros servizos	1,00
1.3. Aplicación de protocolos de seguridade: perímetros, autoprotección e auxilio	1,00

2. Precisión e resolución técnica (3 puntos):

Valorarase a eficacia da resposta policial.

	Puntos
2.1. Identificación de riscos, infraccións e elementos relevantes do suposto	1,50



B.2. Resolución operativa de todos os puntos expostos no enunciado	1,50
--	------

3. Fundamentación xurídica (3 puntos):

Valorarase o soporte legal da intervención.

	Puntos
3.1. Cita correcta da normativa aplicable: denominación e rango normativo	1,50
3.2. Precisión na mención de artigos e adecuación ao feito concreto	1,50

4. Presentación e lectura (1 punto):

	Puntos
4.1. Redacción: ortografía, gramática e sintaxe. Penalización de 0,10 puntos por erro ata o máximo do apartado.	0,75
4.2. Lectura en voz alta: fluidez e fidelidade ao texto escrito	0,25

SEGUNDO. Remitir á Agasp esta Resolución para a súa posterior publicación na páxina web:
<https://agasp.xunta.gal/es>

A Estrada, 31 de marzo de 2026

A secretaria do Tribunal
Mónica María Castro Pérez

VºB
Angel Arjona Bernaldez
Presidente do Tribunal

